



Sección Sindical Psa-Peugeot-Citroen

## Carta aberta ao SR. VARIN Presidente do Grupo

Vigo, 20, de Xullo de 2009

**D**espois de térmonos esmerado en ter a casa en perfecto estado de revista, con consignas de comportamento propias para o evento...

**D**espois de que as nosas máximas autoridades locais e nacionais estiveran prestas para o seu recibimento... os Representantes do principal capital humano da empresa, vímonos sorprendidos, cando menos na parte que nos corresponde, de que o tempo, ese tempo que tantas veces nos falta ós traballadores/as para realizar o traballo, non puidese ser dispensado por vostede para poderlle expor, dentro do protocolo, algunhas das preocupacións do colectivo.

**N**on esperabamos que nos desvelara a estratexia que seguramente ten deseñada o Grupo para futuro, como poden ser os novos produtos, pero si poder resumirle as nosas inquedanzas e reflexións.

**S**e cadra a sorpresa nos veña dada por conservar na nosa memoria, outra presentación non tan lonxana como foi, no seu día, a do Sr. Foltz. Naquel caso foron 40 minutos que ós Representantes dos Traballadores dispuxemos e que nos permitiron un diálogo que agradecemos, sobre todo, por que tivo consecuencias moi positivas no capítulo industrial ó colocar, non só a Fábrica como unha das Plantas principais dentro do Grupo, senón tamén o que iso representou para o tecido industrial na Comarca.


**A**pesares desta falla de comunicación, vostede deixou como "recado" mellorar a Calidade e a Seguridade.

**S**e temos claro que o futuro o temos que gañar entre todos, e que estes dous obxectivos son compartidos por nós, con maior razón deberíamos ter un cambio de impresións ou, cando menos, permitírnos dar a visión que temos dende os traballadores/as que representamos. Ser foramos escoitados diríamoslle:

**P**ara a C.I.G., varias son as recentes medidas adoptadas que dificultan eses obxectivos, e a súa vez empeoraron as condicións dos traballadores/as:

**Andón.**- Agochado nun plan para mellorar da calidade. Quitóuselles ós traballadores/as do seu tempo de fatiga, 13 minutos; dous anos máis tarde o tempo deulle a razón á C.I.G.

**Produtividade.**- recortar os tempos por sistema sen ter en conta o factor humano non representa precisamente un incremento real e si cuestiona a mellora da calidade.



Flexibilidade.- Coa creación da quenda de noite, pola que a C.I.G apostou no seu día (ano 96) cando se facían millonarias horas extras, compartimos algunhas medidas que permitiran o funcionamento desta quenda co fin de manter o máximo emprego posible. O que non vemos xustificade e así o temos manifestado, é desregularizar os horarios nas quendas de día, con prolongacións de xornada por ser factores que con independencia de ir en contra da conciliación da vida social e familiar, non favorecen nin a calidade nin a seguridade.

Profesionalidade.- como ben sabe na nosa sociedade, que pretende compartir espazo coas máis avanzadas de Europa, dedícanse grandes esforzos e recursos dos seus cidadáns/as para a formación dos traballadores/as. Recentemente foi aprobado neste Centro unha medida humillante que vai no sentido contrario.

Finalmente deixaríamos un oco para falarlle dos traballadores/as de nova incorporación e os máis veteranos. Ós primeiros baixáronselles os seus salarios en máis de 1.800 € anuais, o ter creado unha categoría inferior á comparativamente falando, e xa desaparecida, de peón. En canto ós que pretendían coroar a súa vida laboral cunha máis que merecida xubilación, suspendéuselles esta, e no seu lugar ofréceselles (para o taller) un ERE. A pesares de que se estea procedendo a contratación e alongamentos de xornada.

Esperamos que no seu novo plan de futuro, ademais do anunciado na prensa, que o Grupo siga apostando por este Centro, e celebraremos que se teñan en conta as melloras das condicións socioeconómicas dos traballadores/as.

## Confederación Intersindical Galega